

## COMUNICADO DE IMPRENSA DA FUNDACION DO PEDRON DE OURO

### **A Aula Castelao de Filosofía e Vicente Araguas, Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra 2006.**

O Padroado da Fundación do Pedrón de Ouro acordou conceder o Pedrón de Ouro 2006 á **Aula Castelao de Filosofía** e o Pedrón de Honra 2006 a **Vicente Araguas Álvarez**.

O **Pedrón de Ouro** pretende sobrancear aquela personalidade ou entidade vivas e residentes en Galicia, que se teñan destacado na defensa e promoción das diversas facetas da cultura nacional galega ao longo do ano ou a traxectoria dunha vida.

O **Pedrón de Honra**, pola súa banda, trata de salientar aquela persoa ou institución vivas, galegas ou non, residentes fóra de Galicia que, de igual xeito, teña contribuído ao progreso da nosa Terra, dos galegos e dos seus sinais de identidade.

En reunión celebrada en Arzúa o 25 de marzo, os membros do Padroado valoraron os vinte e catro anos de actividade da **Aula Castelao**, sempre desde unha posición intelectual crítica, moderna, rigorosa, universal e netamente galega.

A Aula Castelao converteuse no decorrer destes anos nun foro de análise interdisciplinar que achegou ao debate intelectual en Galicia a tradución ás ideas dos problemas máis vivos, prementes e acuciantes da nosa época e desde o noso país.

Galicia recibiu grazas aos ciclos de conferencias, seminarios e congresos que se concretan na Semana Galega de Filosofía, a voz dos máis salientables especialistas nos asuntos que preocupan hoxe á Humanidade.

O Padroado do Pedrón de Ouro valorou, asemade, a irrenunciable galegitude da Aula de Cultura, a súa defensa da universalidade da nosa Terra e a nosa Língua e o seu contributo á normalización do galego como idioma para calquera ámbito e uso, para asegurarlle un futuro hoxe incerto.

**Vicente Araguas**, pola súa banda, é un orgullo do país no mundo. Autor dunha ducia de libros de poemas, dúas novelas, ensaios, prólogos, estudos críticos, sempre “nunha liña monolíngüe de estrita fidelidade a Galicia”, nas súas propias palabras, ten verquido tamén ao galego a autores universais como Stevenson, Joyce e Heaney e ao español aos tamén universais Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro ou Darío Xohán Cabana.

Este ferrolán de Neda, cono gusta definirse, cofundador do mítico grupo de canción belixerante Voces Ceibes en 1968, licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago, profesor de español en Glasgow, exerce activamente coma crítico literario e conferenciante en foros na Galicia e tribunas de numerosas cidades españolas e europeas.

En Viena representou á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) no European Writers Congress, durante vinte anos asinou a sección galega da prestixiosa revista “Leer” ao tempo que colaboraba e o segue facendo aínda en numerosas publicacións, como “El Urogallo” e “Revista de Libros”, e a cotío na prensa galega.

En toda a súa actividade intelectual leva como bandeira a Galicia, a súa cultura e o seu idioma, que, para el, é “todo o mesmo”. O acto de entrega dos Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra terá lugar no transcurso dun acto literario que se celebrará o próximo día 21 de maio ás 13 horas na horta da Casa de Rosalía en Padrón no que, ademais dos premiados, actuará de mantedor Manuel Outeiriño, escritor e profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago.